

30/07 Big Band da EMR

31/07 NINE Cuarteto

1/08 Wilson & Friends

2/08 Kin Garcia Trio

NOITES

de

JAZZ


RIANXO

xullo, agosto

22:30 h



Praza de Rafael Dieste



## 30/7, *Big Band da EMR*

A Escola de Música de Rianxo, coa súa sección específica, tradicionalmente abre estas veladas rianxeiras de jazz. No seu curso de verán deste ano, e baixo a dirección de Pablo Castaño, introduciu a gran formación Jazzística: a Big Band. No concerto de clausura, os alumnos e alumnas estarán acompañados doutros jazzman reputados, como Alfredo Susavila, Manu, Paino, Marcos Pin ou o propio Pablo Castaño.

## 31/7, *José Nine Quartet*

O saxofonista e flautista José Nine (Rianxo, 1965), ven ser unha das figuras máis relevantes do jazz galego actual. Compositor, autor de arranxos, bandas, sonoras, etc., é un afamado docente da Escola Estudio de Santiago, na que tamén dirixe a Orquestra Xuvenil de Jazz. Formouse nos conservatorios de Santiago e A Coruña, especializándose con músicos da talla de Chusk Israels, Barry Harris ou Jeff Harrington. Ten colaborado con Serafín Carballo, Marcos Teira, Xosé Manuel Budiño, Víctor Aneiros, Loli Nogueira ou Leo Giannetto, por citar só algúns. Lidera o seu propio cuarteto, formado ademais por Yago Vázquez Viñas, Juan Vicente Cañada e Javier Barral Carro.



## 1/8, *Wilson & Friends*

Nado en Ciego de Ávila, Cuba, é docente na Escola de Músicos de A Coruña (Piano, Combos Jazz e Latino, Harmonía Moderna e Informática Musical). É habitual no Festival Internacional de Jazz de Vigo ou no Seminario Internacional de Jazz de Mondoñedo, así como colaborador de Venueconnection, Calixto Oviedo's project, Silent D'jazz ou na Orquestra de jazz de Galicia. En WILSON & FRIENDS, están, ademais del, Sergio Delgado (piano), Vicente Aribú (Contrabaixo), Miguel Cabanas (Drums e percusión) e Javier Ferreiro (percusión).



## 2/8, *Kin García Trío*



O contrabaixista Kin García (1964), noiés de familia musical, está considerado pola crítica especializada un dos nomes fundamentais da escena musical galega e española. Colabora con músicos como Tom Guyon, Tom Harret, Billy Pierce, John Smith, Tony Lazan, Doce Pontes, Uxía, Berrogüeto, Talabarte trío, Rodrigo Romaní, Capercaillie, Joao Afonso, Filipa Pais, Nani García, Carmen Rei, Roberto Somoza, Branca Madisom, Steve Brown, Rosario Giulanni, Julia Hulsman, Steve Brown, Walter White, etc. Foi fundador da escola de música creativa Drop's (1996- 2006) e actualmente é profesor e director da Big-Band do departamento de jazz do Conservatorio Superior de música da Coruña. Acompañano no trío Jacobo de Miguel (piano) e Noli Torres (batería).